



Estendamos o paro de 1 h os mércores en O+M

Co Plan de actividades de O+M, a empresa, coa colaboración dos sindicatos asinantes do Convenio, intenta desprazar da actividade de mantemento de equipos o persoal propio e substituílo por persoal alleo. Esta actividade xera a necesidade de persoal en tres quendas durante as 24 horas os 365 días do ano.

En lugar de facer o mantemento pretende que os e as OTPI de O+M asuman a actividade de provisión e creación de planta e xustifícao dicindo que é "de maior valor", que a medida "permite conciliar a vida familiar e laboral" e outras lindezas polo estilo, cando en realidade o que intenta é crear unha bolsa de dispoñibles no colectivo de OTPI para seguir reducindo o persoal propio e substituílo por persoal alleo en condicións precarias. De paso pretende utilizarnos para presionar as contratas actuais que veñen facendo a provisión e a creación de planta, para rebaixar os seus custos.

Parece claro, e se non deberíamos telo claro a estas alturas, que **sen actividade non hai garantía de emprego**, e que a actividade que nos propón a empresa é escasa, menos cualificada, está suxeita á demanda dos clientes e nun momento dado pode habela e noutro non. Ademais non precisa nin de gardas nin de quendas de noite. É evidente que para a empresa sería moito máis doado xustificar que non ten traballo para o colectivo se logra apartalo do mantemento.

A folga dos GMO, que se iniciou en todo o estado o pasado día 22 de abril, é fundamentalmente unha batalla pola defensa do emprego; así tamén o entenden os e as compañeiras da Coruña dende o principio, hai xa case cinco meses. A garantía de emprego do Convenio acábase con este e, ademais, tampouco é verdade que sexa o mesmo facer unha actividade cun importante compoñente técnico que outra como tirar pontes nos repartidores.

Queremos lembrar que os obxectivos plasmados na convocatoria do paro reafirman esta formulación de **defensa do emprego actual e recuperación onde sexa preciso de novos OTPI, vía convocatoria interna ou externa. Aí van eses obxectivos:**

1. - Que non se externalice ningunha das actividades de mantemento das que se están a realizar actualmente por Conmutación e Transmisión.
2. - Que non se obrigue a ningún traballador ou traballadora dos que actualmente compoñen estas unidades a saír delas para outros departamentos, o que facilitaría a entrada da contrata.
3. - Que por ser necesario para unha correcta actuación do mantemento, non se suprima ningunha quenda das actuais e se manteñan os mínimos de persoal necesario para realizar toda a actividade, creando os postos de traballo precisos naquelas provincias que non tivesen suficiente equipo para facela.

En canto á marcha do paro, despois de 4 xornadas, os sindicatos convocantes estamos razoablemente satisfeitos, pois hai un importante número de provincias cunha participación significativa, e outras, ás que non chegamos, con escasa ou nula participación. Hai que ter en conta a manipulación que fai a empresa respecto das porcentaxes ao incluír os servizos mínimos, a coordinadores, etc.

Esta situación era de esperar, xa que os sindicatos asinantes do convenio lonxe de apoiar este paro están, conxuntamente coa empresa, tratando de boicotealo.

A moitos compañeiros e compañeiras pode estrañarlles esta afirmación, pero se analizamos friamente os feitos con certa perspectiva vemos que estes sindicatos están absolutamente comprometidos coa empresa en sacar o Plan de actividades de O+M adiante e non é un compromiso recente. Hai que recordar que para que os OTPI poidan asumir a provisión (pontes en R.P ou de 2 Mb) tivo que haber un cambio nas funcións deste colectivo. A ampliación de Funcións dos OTPI, asinada en Madrid pola Comisión de Clasificación Profesional o 14 de xullo de 2004 é a que permite este plan da empresa.

Tampouco debemos perder de vista o feito de que tanto OTPI como OAPS farían a mesma actividade e estaríamos na práctica dentro dos obxectivos da empresa na Clasificación Profesional. Non cremos que o salario destes dous colectivos se unifique por arriba tendo en conta o propósito da empresa de rebaixarnos a todos o salario na súa proposta de Convenio.

Queremos invitar a todos os compañeiros e compañeiras de O+M de todas as provincias, especialmente aos que non podemos chegar directamente por non ter representación sindical nas súas provincias, a que reflexionen sobre as consecuencias do plan da empresa e se unan aos que viron con claridade que ese plan é contrario aos seus intereses obxectivos como traballadores e traballadoras de Telefónica, que lexitimamente aspiran a xubilarse nesta empresa.

Invitamos tamén a todo o equipo de O+M a consultar os blogs que abriron os e as compañeiras da Coruña e Sevilla: omcoruna.blogspot.com e omsevilla.blogspot.com, pois pode aclarar ben cal é o posicionamento dalgúns sindicatos.